

Ficha 8

- Órganos dos sentidos – Oímos o timbre da porta.
 - Sistema nervioso – O cerebro dáse de conta de que vai frío e envía ordes aos músculos dos brazos para que poñamos o abrigo.
 - Aparello locomotor – Corremos para coller o autobús porque chegamos tarde.
- Acariñamos un coello e notamos a suavidade do seu pelo.
 - Aceleramos para cruzar por un paso de peóns antes de que cheguen os coches.
- O oído, un dos órganos dos sentidos, permítelle oír ao neno o timbre da porta. O cerebro procesa a información recibida dos órganos dos sentidos e envía un sinal aos músculos a través dos nervios. Os músculos actúan e o neno érguese.

Ficha 9

- R. M. Analiza a información que nos chega do exterior a través dos órganos dos sentidos e tamén todo o que ocorre no interior do noso corpo. Ordena as respostas necesarias para o funcionamento do noso organismo. Coordina o funcionamento dos órganos e sistemas do corpo.
- De esquerda a dereita: axón – corpo – dendritas.
- De arriba abaixo e de esquerda a dereita: sistema nervioso periférico – encéfalo – medula espiñal – nervios motores – cerebro.
- Os nervios **sensitivos** transmiten información desde os órganos ata o encéfalo e a medula espiñal. Os nervios **motores** levan as ordes do encéfalo e da medula espiñal ata outros órganos.
- De arriba abaixo e de esquerda a dereita: cerebelo – nervios – cerebro – bulbo raquídeo – medula espiñal.
- Movementos voluntarios – O cerebro analiza a información e elabora unha resposta.
 - Movementos involuntarios – A medula espiñal recibe a información e ordena un movemento.
- É un movemento reflexo.

R. M. A pel capta a dor debido ao corte coas tesoiras. Os nervios levan a información á medula espiñal. A medula recibe a información e envía a orde de retirar a man aos músculos a través dos nervios.

Ficha 10

- No **caracol** encóntranse os receptores que captan os sons. O caracol está unido ao nervio **auditivo**, a través do cal a información se transmite ao **cerebro**.

Na pel encóntranse os **receptores** do sentido do tacto, que están unidos aos **nervios**, a través dos cales a información chega ao cerebro.

Na superficie da **lingua** encóntranse as **papilas**, que conteñen os receptores dos sabores.
- De arriba abaixo e de esquerda a dereita: retina – nervio óptico – cristalino – pupila – iris.
- De arriba abaixo e de esquerda a dereita: fosa nasal – orificio nasal – nervio olfactivo – pituitaria

